



CIRCULAR 6/2018

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

III CAMPIONATO DE GALICIA DE PENTATLÓN DE LANZAMENTOS MÁSTER

Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra), 4 de febreiro do 2018

Art.1) A Federación Galega de Atletismo a través da su delegación en Pontevedra organiza o **III Campionato de Galicia de Pentatlón de Lanzamentos Máster**, que terá lugar en Pontevedra o vindeiro domingo día **4 de febreiro** do 2018.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas másters que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art. 3) O pentatlón de lanzamentos consta das seguintes probas e orden: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acreditada nun mínimo de tres das cinco probas.

- **Co fin de garantir os diferentes artefactos pregamos envíen un mail a direcciontecnic@atletismo.gal co martelo pesado que precisa antes do venres día 26 às 14:00**

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 30 de xaneiro do 2018.**

Art.5) Os atletas deberán retirar o dorsal ata 45 minutos antes do inicio da proba. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

Art.8) Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 45 minutos antes da competición.



Art.9) HORARIO PROVISIONAL: O horario definitivo publicarase o mércores antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

09:45h Martelo
10:30h Peso
11:20h Disco
12:10h Xavelina
12:50 Martelo Pesado

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@atletismo.gal), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2017/2018), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 17 xaneiro de 2018